

ROF		
EXPEDIENTE	Sesión ordinaria do Pleno do Concello 28.02.2013	Ref. 02/2013
TRÁMITE	Acta	

### ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO 28 DE FEBREIRO DE 2013

No Salón de actos do Pazo de Mos, sendo as 17:55 horas do día 28 de febreiro de 2013, reúnese o Pleno deste Concello, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup> Nidia María Arévalo Gómez, có fin de celebrar sesión ordinaria segundo a orde do día fixado por Resolución da Alcaldía e notificado aos Srs. Concelleiros.

#### Asisten os seguintes Srs. Concelleiros:

Polo grupo municipal P.P.:

D. Óscar Soto Abadín  
D<sup>a</sup>. Julia Loureiro Campo  
D. Alberto Méndez Lago  
D. José Luis Alonso Seijo  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Raquel Monzón Otero  
D. Cándido Pérez Rodríguez  
D<sup>a</sup>. Sara M<sup>a</sup> Cebreiro Alonso  
D. Camilo Augusto Martínez  
D. Isidoro José Táboas Moldes

Polo grupo municipal PSdG-PSOE:

D. Tomás García Morgadas  
D. Alfonso Parada Fernández  
D<sup>a</sup>. Patricia Pérez Ucha  
D. Gerardo Guisande Alonso

Polo grupo municipal B.N.G.:

D. Miguel Anxo Aldea Moscoso  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Vila Blanco

#### Secretario

Fernando Torre Comesaña

#### Interventor

Sergio Rodríguez Pérez

#### Ausentes

D<sup>a</sup>. Delfina Rodríguez Lorenzo

No inicio da sesión a Sra. Alcaldesa xustifica a ausencia da concelleira D<sup>a</sup> Delfina Rodríguez Lorenzo, motivada por enfermidade do seu pai.

#### **1. Aprobación borradores actas sesións anteriores (25 de outubro de 2012 e 31 de xaneiro de 2013).**

Iníciase a sesión someténdose á aprobación dos membros corporativos, as actas das sesións celebradas con data 25 de outubro de 2012 e 31 de xaneiro de 2013, ao abeiro do sinalado no artigo 91.1º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

A Sra. Alcaldesa pregunta se hai alegacións a acta do **25 de outubro de 2012**, e o non producirse somete

á votación ordinaria, aprobándose por unanimidade dos 16 membros presentes, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

A continuación a Sra. Alcaldesa pregunta se hai alegacións á acta do **31 de xaneiro de 2013**.

Toma a palabra a Sra. Vila Blanco indicando que no punto de rogos e preguntas falta unha pregunta que lle fixo ela a Camilo sobre si a zona do Pazo estaba conectada ó alcantarillado, o que Camilo contesta que si está.

A Sra. Alcaldesa sinala que o Secretario tomará nota, e non habendo máis alegacións somete a votación a acta aprobándose por unanimidade dos 16 membros presentes, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

## **2. Recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 01/2013.**

Dáse conta que o expediente foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de Contas, Emprego, Economía e Patrimonio, celebrada o 25 de febreiro de 2013.

O Sr. Aldea Moscoso pregunta si se vai deixar pasar ós veciños que acudiron o pleno.

A Sra. Alcaldesa contéstalle que a vista dos últimos acontecementos soamente entrarán ó pleno as persoas que se identifiquen, tal e como estipula a lei, polo que a persoa que se identifique pasará e o que non o faga non entrará.

O Sr. Aldea Moscoso manifesta que o seu grupo político se retirará do pleno, e a continuación abandonan o salón de sesións sendo as 17 horas e 57 minutos.

A Sra. Alcaldesa refire que continuarán co pleno.

Non habendo máis intervencións a Sra. Alcaldesa somete o acordo a votación ordinaria, e por unanimidade dos 14 membros presentes, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Levantar o reparo da Intervención Xeral.

**Segundo.-** Aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 01/2013, das facturas incluídas na relación núm. 2013-38, por importe total de 672.641,18€.

## **3. Cesión do dereito de superficie da entidade Tráfico, Transportes e Aduanas, S.A. a favor de Dataphone Global, S.A.**

Dáse conta que o expediente foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de Contas, Emprego, Economía e Patrimonio, celebrada o 22 de febreiro de 2013.

Abre o debate o Sr. Parada Fernández expoñendo que como xa manifestaron no seu día van a votar en contra, baseándose nos informes dos técnicos municipais que informaban negativamente por non cumprirse os procedementos para esta cesión, polo asunto dos 50 anos.

Non habendo máis intervencións, a Sra. Alcaldesa somete o acordo a votación ordinaria, e por maioría por 10 votos a favor do grupo municipal do Partido Popular, e 4 votos en contra do grupo municipal do PSdG-PSOE, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Levantar o reparo formulado pola Intervención Xeral.

**Segundo.-** Autorizar a cesión do dereito de superficie concedido no seu día á empresa Tráfico de Transportes e Aduanas, S.A., con C.I.F. A-36.681.302, sobre unha parcela de 5.790 metros cadrados integrante da finca "Faquiña" en Monte Faquiña, parroquia de Tameiga, término municipal de Mos, inscrita no Rexistro da propiedade de redondela ao Folio 183, Tomo 263, Libro 54, Finca Nº 6770, a favor de Dataphone Global, S.A., con C.I.F. A-27.781.212.

**Terceiro.-** Declarar que a cesión autorízase polo prazo establecido mediante acordo plenario de 29 de novembro de 2012 (ata o 12 de decembro de 2062), e nos termos e condicións establecidos no Prego Xeral de condicións para o arrendo a longo prazo de terreos de propiedade do Concello de Mos para o establecemento no termo municipal de explotacións industriais ou comerciais que requiran grandes investimentos aprobado mediante acordo plenario de 26.10.1960, coas modificacións posteriores de 01.07.1971, 19.09.1974, 31.03.2004.

**Cuarto.-** Autorizar a finalidade da explotación contemplada nos Estatutos da Sociedade "Dataphone Global SA", incorporados á Escritura de constitución de "Dataphone Global SA" autorizada con data 19 de agosto de 2008 polo Notario de Vigo D. Miguel Lucas Sánchez co número 1944 do seu protocolo.

**Quinto.-** Aprobar a proposta Convenio (adxunto) de cesión de dereito de superficie de Tráfico de Transportes e Aduanas, S.A. a favor de Dataphone Global, S.A., seguinte:

**"CONVENIO DE CESIÓN DO DEREITO DE SUPERFICIE CONCEDIDO A TRÁFICO,  
TRANSPORTES Y ADUANAS SA A FAVOR DE DATAPHONE GLOBAL SA**

**CONVENIO**

En Mos, a        de

**REUNIDOS**

Dunha parte,

Dona Nidia María Arévalo Gómez, en canto Alcaldesa do Concello de Mos, en exercicio das facultades que legalmente lle corresponden segundo sesión plenaria de 11 de xuño de 2011.

Da outra,

D. Manuel Ferreira González, con DNI/NIF Nº 34.717.279-K, actuando en nome e representación de DATAPHONE GLOBAL SA. con CIF Nº A-27.718.212 segundo escritura pública outorgada con data 19 de agosto de 2008 polo Notario do lustre Colexio de Galicia D. Miguel Lucas Sánchez.

**INTERVEÑEN**

A Alcaldesa, en nome e representación do Concello, segundo lle confire o art. 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Manuel Ferreira González, con DNI/NIF Nº 34.717.279-K, actuando en nome e representación de DATAPHONE GLOBAL SA. con CIF Nº A-27.718.212 segundo escritura pública outorgada con data 19 de agosto de 2008 polo Notario do lustre Colexio de Galicia D. Miguel Lucas Sánchez.

**EXPOÑEN**

1.- Que con data 1 de outubro de 1993 o Concello de Mos cedeu á entidade TRÁFICO

TRANSPORTES Y ADUANAS SA un dereito de superficie sobre unha parcela de 5.790 metros cadrados integrante da finca "Faquiña" en Monte Faquiña, parroquia de Tameiga, término municipal de Mos, inscrita no Rexistro da propiedade de redondela ao Folio 183, Tomo 263, Libro 54, Finca Nº 6770 (acordo que foi elevado a público mediante escritura autorizada o 14 de marzo de 1996 polo Notario de Porriño D. Ernesto Regueira Núñez co número 280 do seu protocolo)

2.- Que con data 29 de novembro de 2012 o Pleno Municipal resolveu modificar dito Contrato de Cesión de Dereito de Superficie entre o Concello de Mos e a empresa Tráfico Transportes e Aduanas SA asinado con data 1 de outubro de 1993 establecendo un **plazo de duración de cincuenta anos (50 anos), computados a partir da data de notificación do presente acordo (notificación practicada con data 12 de decembro de 2012).**

3.- Con data 28 de febreiro de 2013 o Pleno do Concello de Mos acordou autorizar a cesión do dereito de superficie concedido no seu día á empresa Tráfico de Transportes e Aduanas, S.A., con C.I.F. A-36.681.302, sobre unha parcela de 5.790 metros cadrados integrante da finca "Faquiña" en Monte Faquiña, parroquia de Tameiga, término municipal de Mos, inscrita no Rexistro da propiedade de redondela ao Folio 183, Tomo 263, Libro 54, Finca Nº 6770, **a favor de Dataphone Global, S.A., con C.I.F. A-27.781.212.**

4.- Que o Concello de Mos autorizou tamén a finalidade da explotación da empresa cesionaria **Dataphone Global S.A.**

5.- Que a cesión foi acordada nos termos recollidos no Prego Xeral de condicións para o arrendo a longo prazo de terreos de propiedade do Concello de Mos para o establecemento no termo municipal de explotacións industriais ou comerciais que requiran grandes investimentos aprobado mediante acordo plenario de 26.10.1960, coas modificacións posteriores de 01.07.1971, 19.09.1974, e 31.03.2004.

6.- Que a cláusula sexta do referido Prego establece que toda cesión que pretenda realizar o arrendatario deberá ser autorizada polo Concello de Mos, e segundo se desprende da modificación introducida con data 31.03.2004, o Concello participará no 10% do prezo da transmisión, tomando como referencia de valoración a carta de pago de facenda, e sempre cunha participación mínima de 6.000€.

7.- Que o cesionario se subroga coa totalidade das obrigas que para á posición xurídica do arrendatario establece o prego de condicións.

8.- Que a cláusula sétima do Prego de condicións esixe a constitución dunha **garantía** equivalente a unha anualidade do canon arrendaticio.

9.- Que o presente convenio constitúe condición de eficacia da cesión referida.

Por todo o exposto, ambas partes,

#### ACORDAN

1. O Concello de Mos **autoriza a CESIÓN a favor de DATAPHONE GLOBAL SA, con C.I.F. A-27.781.212,** a cesión do dereito de superficie concedido no seu día á empresa Tráfico de Transportes e Aduanas, S.A., con C.I.F. A-36.681.302, sobre unha parcela de 5.790 metros cadrados integrante da finca "Faquiña" en Monte Faquiña, parroquia de Tameiga, término municipal de Mos, inscrita no Rexistro da propiedade de redondela ao Folio 183, Tomo 263, Libro 54, Finca Nº 6770,
2. A cesión prodúcese nos termos e condicións establecidos *no Prego Xeral de condicións para o arrendo a longo prazo de terreos de propiedade do Concello de Mos para o establecemento no termo municipal de explotacións industriais ou comerciais que requiran grandes investimentos*, aprobado mediante acordo plenario de 26.10.1960, coas modificacións posteriores de 01.07.1971, 19.09.1974 e 31.03.2004.

3. O prazo de cesión do referido dereito de superficie finalizará o **12 DE DECEMBRO DE 2062**, data na que o contrato con DATAPHONE GLOBAL SA quedará extinguido de pleno dereito, sen posibilidade de prórroga.
4. A cesionaria, DATAPHONE GLOBAL SA., queda subrogada na totalidade de dereitos e obrigas da cedente.
5. Previamente á sinatura do presente acordo, a cesionaria acreditará a constitución de **garantía** por importe dunha anualidade do canon arrendaticio. A garantía poderá constituírse en calquera das formas previstas no artigo 96 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011.
6. Tamén con carácter previo á formalización do presente convenio, DATAPHONE GLOBAL SA abonará ó Concello o 10% do prezo da transmisión, cunha participación municipal mínima de 6.000€.
7. O ingreso das cantidades sinaladas nas dúas cláusulas precedentes, correspondentes á garantía e á participación do Concello no prezo de transmisión, serán requisitos previos á firma do presente acordo, e condición de validez da cesión autorizada.

E en proba de conformidade, firman as persoas referidas ut supra o presente documento, en triple exemplar e a un só efecto.”

**Sexto.-** Supeditar a eficacia do presente acordo á sinatura do antedito Convenio de cesión, precedida, en todo caso, da constitución da correspondente garantía e do pago da participación do Concello na transmisión da parcela.

**Sétimo.-** Facultar á Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup> Nidia Arévalo Gómez, para a sinatura da referida proposta de Convenio e para a realización de cantos actos e trámites sexan precisos para a efectividade da cesión autorizada.

**4. Modificación do Convenio polo que se constituíe un dereito de superficie entre a Diócese de Tui-Vigo e o Concello de Mos para a rehabilitación da antiga casa reitoral, co fin de adicala a Centro de Atención Social e adecuación do seu entorno para aparcadoiro.**

Dáse conta que o expediente foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de Contas, Emprego, Economía e Patrimonio, celebrada o 22 de febreiro de 2013.

Toma a palabra o Sr. Parada Fernández para dicir que o seu grupo se vai a abster e que non van a votar en contra porque consideran que é a sinatura deste convenio supón unha mellora para o Concello de Mos, pero se absteñen porque non están de acordo ca finalidade que se lle vai dar a Casa Rectoral.

A Sra. Alcaldesa indica que o seu grupo xa explicou e deixou claro na comisión informativa cal era a súa postura, polo que procede a someter o acordo a votación ordinaria, e por maioría por 10 votos a favor do grupo municipal do Partido Popular, e 4 abstencións do grupo municipal do PSdG-PSOE, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Aprobar o Anexo (adxunto) ó acordo de constitución dun dereito de superficie de cesión de uso entre a Diócese de Tui-Vigo e o Concello de Mos para a rehabilitación da antiga Casa Rectoral de Petelos co fin de adicala a Centro de Atención Social así como a adecuación do seu entorno para aparcadoiro, polo que se establece que ditas obras deberán estar ultimadas no prazo de 24 meses a contar dende a sinatura de dito anexo:

**“ANEXO AO ACORDO DE CONSTITUCIÓN DUN DEREITO DE SUPERFICIE E CESIÓN DE USO ENTRE A DIÓCESE DE TUI VIGO E O CONCELLO DE MOS PARA A REHABILITACIÓN DA ANTIGA CASA REITORAL DE PETELOS CO FIN DE ADICALA A**

## CENTRO DE ATENCIÓN SOCIAL, ASÍ COMO A ADECUACIÓN DO SEU ENTORNO PARA APARCADOIRO

En Mos, a de xaneiro de 2013

### REUNIDOS

Dunha banda, o Excmo. E Rvdmo. Sr. Bispo da Diocese Tui-Vigo, D. Luis Quinteiro Fouza, no nome e representación da mesma, con CIF R-3600056 J, e enderezo en Dr. Corbal 90, do Concello de Vigo (36207).

Doutra, Dña. Nidia Arévalo Gómez, Alcaldesa do concello de Mos, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime local, coa modificación dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do Goberno Local.

As partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente Acordo, en base ós principios de colaboración e cooperación que deben presidir as relacións entre a Administración Pública e a Igrexa Católica na consecución dos fins de ineterese social que ámbalas dúas institucións persiguen, a tal efecto

### MANIFESTAN

1.- Con data 16 de setembro de 2009 a Diocese de Tui-Vigo e o Concello de Mos asinaron un acordo de constitución dun dereito de superficie para a rehabilitación da antiga casa reitoral de Petelos co fin de dedicala a centro de atención social, e para adecuación do seu ámbito e aparcadoiro por un período de 25 anos renovables por outros 25 (cláusula terceira).

2.- Entre as obrigas da cesionaria (cláusula cuarta) figuraba a realización das obras necesarias de adecuación e rehabilitación da antiga casa reitoral nun prazo de 36 meses a contar dende a firma do convenio.

3.- A data de hoxe, despois de ser exectuadas as dúas primeiras fases do proxecto, queda pendente a terceira e última fase, para cuxa execución se precisa un prazo non inferior a 24 meses.

4.- Para os efectos de considerar o prazo necesario para a total execución das obras sinaladas no Convenio, as partes, de común acordo, resolven modificar o parágrafo 1 da cláusula cuarta (Obrigas da cesionaria) conforme ás seguintes

### CLÁUSULAS

Primeira. - Amplíase o prazo de execución das obras necesarias de adecuación e rehabilitación da antiga casa reitoral establecido no parágrafo 1 da cláusula CUARTA do devandito acordo quedando este redactado nos seguintes termos:

#### “Cuarta.- OBRIGAS DA CESIONARIA

O Concello de Mos obrígase ó seguinte:

1. Levar a cabo as obras necesarias de adecuación e rehabilitación a antiga casa Reitoral de Petelos para destinar o edificio a un Centro de Día para a atención de persoas maiores, así como a adecuación da finca colindante, cunha superficie de 1.910 m, que será utilizada como zona complementaria deste centro. **Ditas obras deberán estar ultimadas no prazo de vinte e catro meses a contar dende a sinatura deste convenio, transcurrido o cal, de non atoparse rematadas as obras, calquera das partes suscribintes poderá instar a súa resolución, agás acordo expreso en contra.”**

Segunda.- A presente modificación entrará en vigor e será directamente executivo, e por tanto, vinculante para as partes, unha vez resulte ratificado polo Pleno da Corporación municipal, ao tratarse dun

contrato plurianual de duración superior a seis anos (artigo 22 da LRBRL).

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan este Anexo por triplicado e a un só efecto no Lugar e data reseñada no seu encabezamento.”

**Segundo.-** Facultar á Sra. Alcaldesa para a sinatura do antedito convenio e para cantos actos e trámites sexan precisos para acadar a efectividade do mesmo.

**5. Resolucións Alcaldía.**

Dáse por realizado o trámite.

**6. Comunicacions de Alcaldía.**

A Sra. Alcaldesa comunica ós concelleiros que houbo unha xuntanza ca Rexistradora da Propiedade e co Grupo San Rafael, pero a vista dos acontecementos farán unha reunión de portavoces no Concello para informar de tódalas comunicacions.

**7. Mocións.**

**7.1. Moción presentada polo grupo do PP sobre o Día Internacional das Mulleres.**

Na comisión informativa de Contas, Emprego, Economía e Patrimonio, celebrada o 25 de febreiro de 2013 ditaminouse favorablemente a seguinte moción:

*“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*Como puxo de relevo a Carta Europea da Muller: "A discriminación, os estereotipos educativos, a segregación do mercado laboral, o emprego precario, o traballo a tempo parcial involuntario e a distribución desequilibrada de responsabilidades dos coidados familiares con respecto aos homes afectan ás opcións de vida e á independencia económica de numerosas mulleres".*

*É indiscutible que a igualdade entre mulleres e homes ten un impacto positivo no crecemento económico, no emprego e na produtividade das empresas, e é imprescindible para mellorar as taxas de emprego, a competitividade e a cohesión social.*

*Malia que se produciron avances, as mulleres aínda teñen baixas taxas de actividade, traballan máis a tempo parcial que os homes e abundan máis nos traballos e sectores menos valorados, en xeral están peor remuneradas e ocupan un número menor de espazos de responsabilidade no ámbito laboral.*

*A discriminación salarial é un dos máis flagrantes exemplos da desigualdade entre mulleres e homes que, aínda hoxe, persiste no mercado laboral.*

*Existe unha brecha salarial entre homes e mulleres. En España as mulleres perciben un salario anual en torno a un 20 por cento inferior ao dos homes por traballos iguais ou de igual valor.*

*Ademais, as dificultades de conciliación no ámbito laboral e familiar seguen afectando en maior grao ás mulleres, e son moitas as que se ven obrigadas a renunciar a proxectos personais e laborais.*

*Mulleres e homes deben ter as mesmas oportunidades de desenvolver o seu proxecto vital e de facelo en condicións de igualdade.*

*Debemos progresar no desenvolvemento dun modelo de organización social máis aberta.*

*Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Mos eleva ao Plano a*

*adopción dos seguintes acordos:*

- 1. Instar aos concellos de Galicia a elaboración e desenvolvemento de plans de igualdade e a impulsar a transversalidade de xénero no eido local de xeito que se garantan políticas públicas das que mulleres e homes se beneficien de forma equivalente e contribuíndo ao progreso e benestar da sociedade galega.*
- 2. Instar ao Goberno do Estado e ao Goberno da Xunta de Galicia a que leven a cabo Programas de apoio empresarial a mulleres co obxectivo de fomentar o emprendemento feminino e o autoemprego.*
- 3. Instar ao Goberno do Estado a que neste ano 2013 elabore un Plan Estratéxico contra a Discriminación Salarial entre mulleres e homes co fin de identificar e erradicar a inxusta e inxustificable brecha salarial."*

O partido socialista presenta unha emenda á antedita moción, co contido que se detalla, sendo aceptada aquela pola presidencia.

*"Instar o Goberno Central a velar polo cumprimento da Lei actual de Saúde Sexual e Reprodutiva e Interrupción Voluntaria do Embarazo, así como de todos os centros de planificación familiar da nosa comunidade.*

*Asi mesmo, instar ós Gobernos Central e da Xunta de Galicia a que lideren o impulso de políticas e servizos de prevención de violencia de xénero e apoio ás mulleres que a sofren.*

*E por último, instar ás Institución, ó Goberno da Xunta de Galicia e o Goberno Central a modificar, derogar ou aprobar, nos eiros laboral, xudicial e social, as leis que sexan necesarias para garantir o cumprimento de todos estes acordos."*

A continuación a Sra. Alcaldesa somete a votación a moción presentada polo partido popular ca emenda do partido socialista, aprobándose por unanimidade dos 14 membros presentes da Corporación o seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Instar aos concellos de Galicia a elaboración e desenvolvemento de plans de igualdade e a impulsar a transversalidade de xénero no eido local de xeito que se garantan políticas públicas das que mulleres e homes se beneficien de forma equivalente e contribuíndo ao progreso e benestar da sociedade galega.

**Segundo.-** Instar ao Goberno do Estado e ao Goberno da Xunta de Galicia a que leven a cabo Programas de apoio empresarial a mulleres co obxectivo de fomentar o emprendemento feminino e o autoemprego.

**Terceiro.-** Instar ao Goberno do Estado a que neste ano 2013 elabore un Plan Estratéxico contra a Discriminación Salarial entre mulleres e homes co fin de identificar e erradicar a inxusta e inxustificable brecha salarial.

**Cuarto.-** Instar ao Goberno Central a velar polo cumprimento da Lei actual de Saúde Sexual e Reprodutiva e Interrupción Voluntaria do Embarazo, así como de todos os centros de planificación familiar da nosa comunidade.

**Quinto.-** Instar ós Gobernos Central e da Xunta de Galicia a que lideren o impulso de políticas e servizos de prevención de violencia de xénero e apoio ás mulleres que a sofren.

**Sexto.-** Instar ás Institución, ó Goberno da Xunta de Galicia e o Goberno Central a modificar, derogar ou aprobar, nos eiros laboral, xudicial e social, as leis que sexan necesarias para garantir o cumprimento de todos estes acordos.



### 8. Rogos e preguntas.

Neste derradeiro punto da orde do día a Sra. Alcaldesa expón a posibilidade de que os concelleiros que o desexen formulen os rogos ou preguntas por escrito e que se lle contestarán tamén por escrito.

Rematado o punto e non habendo máis asuntos que tratar, a Alcaldesa levantou a sesión sendo as dezaoito horas e tres minutos do vinte oito de febreiro de dous mil trece, estendéndose a presente acta da que como secretario dou fe.

A Alcaldesa  
Visto e prace

  
Nidia M<sup>a</sup> Arevalo Gómez

Secretario

  
Fernando Torre Comesaña